

## PLAN DE CONTINXENCIA COVID 19 ACTUACIÓNS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que algún membro da comunidade educativa teña sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia:

- O profesorado informará a algún membro do equipo COVID do centro.
- A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.
- O/A traballador/a ou alumno/a que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e logo seguir as instrucións do seu centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicarao ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia.
- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061 e realizarase un illamento preventivo do posible caso no despacho de Vicedirección ata a chegada do 061.

3. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus no centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

4 O alumnado/persoal do centro con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu médico de cabeceira para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

5 Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

6 A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

7 A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

### ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Adaptar a docencia ao escenario telemático recollido nas programacións.
- Tentar darlle cobertura dalgún xeito ao alumnado con dificultades de conexión.
- Manter informada á comunidade educativa das modificacións e novidades que se produzan a través das canles comunicativas establecidas.
- De producirse un Confinamiento da cidadanía debido a crise sanitaria traballarase unicamente de xeito telemático. O alumnado terá o mesmo horario lectivo de xeito virtual a través das plataformas weebex (teledocencia en vivo) e moodle (aula virtual para ter o material didáctico achegado polos docentes, as tarefas, entregas e avaliación e cualificación das mesmas).
- O profesorado poderá empregar para a teledocencia **únicamente** os servizos dixitais educativos corporativos (que garanten o tratamento seguro de datos persoais do alumnado). Poden atopalos nesta dirección:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/servizos-dixitais>.

- O profesorado e o alumnado terá a obriga de facer unha conexión por teledocencia en vivo mediante a plataforma weebex e o aula virtual na hora marcada do comenzo da clase e por un tempo mínimo dun 60% do marcado no horario. Completando o horario con atención a consultas individuais do alumnado sobre as tarefas propostas.
- O alumnado fará as consultas unicamente no horario marcado para as aulas de cada módulo ou disciplina. Os docentes non terán obriga de contestar ningunha cuestión fora do seu horario laboral.
- No caso de ter que activar o ensino a distancia, a xefatura de estudos requirirá ao final de cada semana a relación de actividades realizada polo profesorado co alumnado no horario establecido, seguindo o modelo anexo á

resolución da SX de Educación e FP. Esta relación de actividades será obxecto de seguimento por inspección educativa.

f) De non dispor dos medios necesarios na súa vivenda para realizar o ensino telemático o profesorado poderá acudir ao centro educativo a realizar a súa labor docente.

g) A docencia por medios telemáticos terá que cumprir o establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do noso centro. Tendo que cumprir alumnado e profesorado co marcado respecto da puntualidade na asistencia, decoro na vestimenta, etc.

h) Os “horarios espello” a cumprir polo alumnado serán os mesmos que na ensinanza "presencial" publicados na páxina web do centro e que figuran na aplicación Codex Pro.

### **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial seguindo as instrucións das autoridades sanitarias e educativas.